

LA GUITARRA FLAMENCA DE YERAI CORTÉS

1428

Antón Álvarez, 2024

ESTREA EN NUMAX: 19.12.2024 | V.O. | +7 | 90 min

Cando C. Tangana coñece a Yerai Cortés queda completamente fascinado co seu talento e intrigado pola súa historia familiar. Yerai é unha figura inusual dentro do flamenco, tan respectada polos xitanos máis tradicionalistas como polos artistas vangardistas da nova onda da que el forma parte. Deciden emprender unha viaxe xuntos para gravaren un disco no que as cancións veñen marcadas por unha gran pena. O propio proceso artístico enfróntao co seu pasado e empúxao a explorar un segredo familiar a través do cal trata de redimir a relación cos seus pais. O resultado é unha película que desenvolve unha experiencia musical única para mergullarnos nunha historia de paixón, amor e perdón.

«C. Tangana brilla no seu debut como director e agasalla un filme fermoso, sincero e irresistible»

Ricardo Rosado, FOTOGRAMAS



Entrevista con Antón Álvarez (C. Tangana): «No cinema fago como na música: déixome levar pola intuición»

Por Chusa L. Monjas

Cal é a orixe de *La guitarra flamenca de Yeraí Cortés*? Antes de que Yeraí participase na xira “Sin cantar ni afinar”, atopámonos casualmente e fíquei impresionado polo seu talento e pola forma peculiar que ten de estar no flamenco, un mundo tan complicado, cheo de xente moi purista e tamén moi vangardista. Un día actúa con Farruquito e outro día comigo, e é respectado por todos. Fíxémonos amigos, entrei na súa vida, contoume cousas que lle pasaban e como estas afectarían á súa música, e a partir de aí sentín curiosidade por saber como eran o seu pai e a súa nai.

A idea non era seguir a un artista, nin contar como sente, senón que vai directamente aos feitos, á revelación dun segredo familiar que tardaron moito tempo en falar e que no documental vaise desvelando aos poucos. De *La guitarra flamenca...* díxose que era un disco baseado en feitos reais e así o sinto porque se foi facendo mentres se ía rodando, coa única premisa de respectar o que sucedeu e como sucedeu na vida real.

Esa fidelidade ao que ocorreu conleva unha responsabilidade. En Little Spain [produtora do filme] somos estetas, gústanos moito que as cousas se vexan bonitas e somos ambiciosos a nivel de produción. Pero máis que o artificio, o que nos define é a emoción e non ter medo a ser un pouco histriónicos. Non temos medo a estar cruamente emocionados. Rodando o documental, houbo un momento no que pensei que o que estabamos a facer era unha resposta a *Flamenco, flamenco* (2010), de Saura, porque xunto a Yeraí aparecen artistas moi relevantes da historia do flamenco. Puxémonos normas como levar a cámara en man, utilizar o son dunha forma integrada, non coma se estivese gravado no estudio, non facer máis de tres ou catro tomas por cada tema, e deixar que os erros e a vida real entrasen na música.

En esencia, o flamenco é pura mestura, pero en canto se toca, saltan as alarmas. Non me criei no flamenco, aínda que me sentín moi a gusto, sempre me vin como un becho raro nese mundo. Entender a Yeraí como purista do flamenco e comprender o mundo de onde saíu, e ver como é el agora, como fala cos seus pais e os seus amores, paréceme máis contemporáneo que o máis extravagante que faga Niño de Elche. Un dos aspectos máis interesantes da película é ver a un xitano tan moderno como Yeraí, non pola súa forma de tocar, senón pola súa forma de sentir. É moi contemporáneo na forma de abordar os seus problemas.

Paco de Lucía definía o flamenco como unha reunión. Xente do pobo que se xunta para manifestar as súas penas e alegrías a través do canto e o baile. Esa percepción do flamenco máis puro, de familia e veciños, continúa vixente, e así se ve na película. O que fai que o flamenco sexa a música máis interesante do universo é que segue sendo unha expresión á man da xente. Tamén ten os seus escenarios e as súas postas en escena, pero alguén colle a guitarra e está a renovar unha tradición antiqüísima no salón da súa casa porque coñece as estruturas desta arte, que as aprendeu sen que llas ensine ninguén, só por estar alí.

Como se sentiu detrás da cámara? Ben, sentínome moi ben aconsellado e seguro porque todos os que participaron na película son uns profesionais increíbles. Esta película, cos miles de erros que ten como ópera prima, é a confirmación de que podo facer películas. Sinto que podo facer o mesmo que fago coa música, que é atopar casos particulares de emocións que poida pintar de tal forma que todo o mundo poida velas. E no cinema fago como na música, déixome levar pola intuición.